



WIFI GRATUÍTO EN VEDRA!!

■ LEMBRA...

Podes acceder a un servizo de WIFI gratuíto en varios edificios públicos do Concello de Vedra.



O único que tes que facer é achegarte a un deles e conectarte á rede "WiFi4EU". Ao conectarte por primeira vez serás guiado a unha páxina de inicio de sesión segura, que podes completar rexistrándote previamente ou a través dun autorexistro por SMS. Non se che volverá e pedir inicio de sesión ata pasadas 12 h.

Os puntos WiFi4EU onde te podes conectar son:

- A Casa do Concello.
- O Centro Socio Cultural de Vedra.
- O Centro de Emprendemento "A Estación" en Santa Cruz de Ribadulla.
- A Reitoral de Ponte Ulla.

INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA EN NOVEMBRO SERÁ O MARTES 19

■ Con cita previa obrigatoria no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 h).

IMPORTANTE: Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.

SABÍAS QUE...

■ VEDRA EN SETEMBRO DE 2024 TIVO A TASA DE PARO MÁIS BAIXA DA SÚA HISTORIA?

No pasado mes de setembro Vedra acadou un dato histórico ao ter contabilizadas únicamente 116 persoas

no paro.

Esta cifra supón só un 5,19% de taxa de paro, considerándose un logro único que non se coñece dende que existen datos.



NOVEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

AXUDAS PARA O ESTUDO NO CURSO 2024/2025

■ Convocadas as axudas para o estudo neste curso escolar. As bases están publicadas no BOP do 17 de outubro.

- PRAZO DE SOLICITUDES ABERTO ATA O 15 DE NOVEMBRO.


As bases da convocatoria e toda a información oportuna atoparala na web municipal.

Infórmate no teléfono do Departamento de Servizos Sociais 981 814 693.

RECIBE TODA A INFORMACIÓN MUNICIPAL DE INTERESE CO SERVICIO POR WHATSSAP

■ Envía unha mensaxe coa palabra "ALTA" ao número 663 893 398. Así terás sempre de forma áxil e cómoda todas as novidades de interese.

SÚMATE a este servizo que xa supera as 500 persoas usuarias!! Imos a polas 1000!!



Participación de Vedra na produción audiovisual “A debate no Eirado” que podes visitar na canle Youtube ou nas redes sociais.



Obradoiro de Land Art con Delio Sánchez e Camilo Seira na contorna da Casa das Artes de Vedra.



Presentación da exposición Os Camiños de Elías Valiña no Centro Socio Cultural de Vedra.



Retransmisión en directo dende o Teatro Real de Madrid da Ópera Adriana Lecouvreur.



Xuntanza das integrantes do voluntariado senior.



Presentación do podcast As Herbas da Avoa.



Quedada coa mocidade - Europa para Ti.



Actividade “Mulleres fronte a emerxencia climática”.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Tunel do viño da comisión "Festa do Viño da Ulla de San Miguel de Sarandón".



Homenaxe á emigración vedresa "Historias Migrantes" organizada polas asociacións culturais Papaventos e Raiceiros.

De Interese

XESTIÓN TRIBUTARIA CALENDARIO FISCAL IBI, IAE E TAXAS 2024

■ Ata o 15 de novembro estarán dispoñibles os recibos en período voluntario do IBI, IAE e TAXAS.

- Na páxina web da Deputación da Coruña, concretamente na Oficina Virtual Tributaria (OVT) (<https://ovt.dacorua.gal>) pódense comprobar os recibos, obter a carta de pago e incluso realizar o pago do imposto.

- Nas dependencias municipais de Vedra tamén se pode solicitar a carta de pago.

Máis información e consultas a través do número de teléfono do Concello 981 814 612.

OLLO LEMBRA!! As solicitudes de bonificacións para o ano 2025 do IBI e IVTM deberán presentarse ANTES do 31 de decembro.

VOLVEN AS XUNTANZAS CO ALCALDE POLAS 12 PARROQUIAS

■ Regresa este espazo no que o alcalde propón xuntarse coa veciñanza en cada unha das doce parroquias de Vedra para tratar temas de interese xeral

e para dar respostas a todas as cuestións expostas.

Esta é a axenda:

DATA	LUGAR	HORARIO
Luns 11 de novembro	Local Social de San Xián	Ás 20:30 horas
Xoves 14 de novembro	Local Social de Illobre	Ás 20:30 horas
Xoves 21 de novembro	Centro Sociocultural de Vedra	Ás 20:30 horas
Xoves 28 de novembro	Local Social de San Fins	Ás 20:30 horas
Luns 2 de decembro	Multiusos de Trobe	Ás 20:30 horas
Xoves 12 de decembro	San Pedro de Sarandón	Ás 20:30 horas
Xoves 19 de decembro	Local Social de Ponte Ulla	Ás 20:30 horas
Luns 13 de xaneiro	Local Social de Merín	Ás 20:30 horas
Xoves 16 de xaneiro	Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón	Ás 20:30 horas
Xoves 23 de xaneiro	Multiusos de San Mamede	Ás 20:30 horas
Xoves 30 de xaneiro	Local Social de Vilanova	Ás 20:30 horas
Xoves 6 de febreiro	Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla	Ás 20:30 horas



XULGADO DE PAZ

■ ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES e XOVES.

Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 14:00 HORAS.

Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal



Cultura



EXPOSICIÓN: INQUIETUDES DO 9 AO 29 DE NOVEMBRO NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE VEDRA

■ Do veciño vedrés da parroquia de San Mamede Manuel Jesús Oliveira (O Cacho).

Inauguración o sábado 9 de novembro ás 20:30 horas no Centro Sociocultural de Vedra.

EXPOSICIÓN MANUEL JESÚS OLIVEIRA (O CACHO)



DO 9 AO 29 DE NOVEMBRO
DE LUNS A VENRES DE 17:00 A 21:00 H.
CENTRO SOCIOCULTURAL DE VEDRA

INAUGURACIÓN:

SÁBADO 9 NOVEMBRO ÁS 20:30 H.



Concello
de Vedra

CURSO ENCAIXE DE BOLILLOS

■ No mes de decembro comezará este curso impartido por Josefina Campaña López (Ondas do Mar).

Será os mércores de 17:00 a 19:00 horas no Centro de Emprendemento da Estación de Tren en Santa Cruz de Ribadulla.

- O prezo será de 50 € por persoa ao mes.

INSCRICIÓN ATA O 30 DE NOVEMBRO NO ENDE-REZO cultura@concellodevedra.gal ou no teléfono 981 814 691.

CURSO DE ENCAIXE DE BOLILLOS

IMPARTE: JOSEFINA CAMPAÑA LÓPEZ
(ONDAS DO MAR)



OS MÉRCORES DE 17 A 19 H.

CENTRO DE EMPRENDAMENTO A ESTACIÓN
(SANTA CRUZ DE RIBADULLA)

PREZO: 50 €/mes - 2 h. á semana
Inicio no mes de decembro

Máis información e inscricións:
981814691 - cultura@concellodevedra.gal



Concello
de Vedra

EVENTO FINAL DO winEU.RUR

■ Con motivo da celebración do **Foro internacional para a gobernanza nas paisaxes agrícolas tradicionais**, en outubro pechouse o proxecto **winEU.rur**, financiado polo programa CERV da UE e liderado polo Concello de Vedra. Os participantes dos 6 países socios (Italia, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Portugal e España) compartiron as súas experiencias e resultados despois destes dous anos de traballo. A celebración do Foro contou coa intervención de relatores expertos en gobernanza participativa e protección das paisaxes representando ao Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, AGADER e o CISPAC e con experiencias exemplos de boas prácticas como as iniciativas “obaixoulla gal”, Asociación AMABUL e Ecoagroturismo Arqueixal.

Agradecementos: A Pepe Albela, a Bodegas Paco & Lola, ao Consello Regulador da DO Rías Baixas e ao Concello de Santiago.



PACTO DE AMIZADE CON BOLYAROVO (BULGARIA)

■ Dende o pasado mes de outubro temos asinado un pacto de amizade co municipio de Bolyarovo (Bulgaria), participante do proxecto europeo **winEU.rur** que Vedra vén de liderar.

Asinouse este compromiso co alcalde búlgaro Hristo Hristov coa convicción de colaborar no futuro en accións beneficiosas para ambos territorios en aspectos comúns. Algo que no futuro se estenderá ao país veciño de Portugal, a través do Concello de Lousada.

Esta é unha nova acción resultado do traballo vedrés por e para continuar poñendo a Vedra no mapa euro-

peo como exemplo de pequena poboación rural emprendedora e seguir aprendendo doutras comunidades rurais con problemas e circunstancias similares.



Deporte

NOVA ETAPA DE SENDEIRISMO O SÁBADO 16 DE NOVEMBRO DE BEXO Á ESCRAVITUDE

■ Horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 08:00 horas
- Parada en Lestedo ás 08:10 horas
- Parada no Breixo ás 08:15 horas
- Parada no Hipercor ás 08:25 horas
- Última parada diante da oficina do BNG (antiga estación de autobuses) ás 08:30 horas

Inscripcións e información antes do 10 de novembro no

teléfono 981 814 691.





ADN VEDRA O 15 E 16 DE NOVEMBRO NO CENTRO DE EMPRENDEMENTO DA ESTACIÓN

■ Unha serie de coloquios e faladoiros para dar visibilidade a empresas e profesionais do municipio que terán lugar as tardes dos días 15 e 16 de novembro.

Nela abordaranse distintas temáticas relacionadas co territorio.

1. PROXECTOS INNOVADORES, na que se exporán casos relevantes de pequenas iniciativas empresariais que abren/abriron camiños novos dentro da actividade económica local.

2. ENCONTRO DE MULLERES EMPRENDEDORAS, onde se presentarán diversas experiencias persoais e colectivas de emprendemento no rural realizadas por mulleres de Vedra, en tanto prácticas que conlevan un empoderamento particular ao mesmo tempo que indican formas de afianzamento social.

3. O RURAL, MOTOR ECONÓMICO DE VEDRA, onde se abordarán diferentes visións sobre o desenvolvemento territorial de Vedra.

4. PRODUCCIÓN E COMERCIO DE PROXIMIDADE, onde se destacarán diversos negocios e proxectos empre-

sariais que centran fundamentalmente o seu labor en prover e activar produtos ou servizos, crear e manter emprego dentro do territorio local.

Esta será a primeira edición dunha proposta duradeira no tempo, na cal iremos dando voz a experiencias, casos de éxito ou iniciativas con xenuíno sabor a Vedra.

ACHÉGATE!!! Trátase dunha actividade gratuíta dirixida ao público en xeral!!!

CASOS DE ÉXITO, COLOQUIOS, FALADOIROS. ENTRADA GRATUÍTA

15 NOVEMBRO

- Charo López Meñer, Pepe Albea, Modelarte, Burballas do Sol, Falemos Logopedia, Maxín Avogados, M. de Mata, Contra-producións
- PROXECTOS INNOVADORES** (17:00 A 18:30 HORAS)
- PAUSA CAFÉ
- ENCONTRO DE MULLERES EMPRENDEDORAS** (19:00 A 20:00 HORAS)

16 NOVEMBRO

- Concello de Vedra, A Estación, Intega, Maxín Arquitectos, Panadería Ravina, Bellatore, Carpintería Rubén Glez.
- O RURAL, MOTOR ECONÓMICO DE VEDRA** (17:00 A 18:30 HORAS)
- PAUSA CAFÉ
- PRODUCCIÓN E COMERCIO DE PROXIMIDADE** (19:00 A 20:00 HORAS)

LUGAR: CENTRO DE EMPRENDEMENTO A ESTACIÓN, SANTA CRUZ DE RIVADULLA

Asociacionismo

#COUSA BOA ... ACCIÓN ASOCIATIVA CURSO DE INICIACIÓN Á XESTIÓN ECONÓMICA E FINANCIERA DE ASOCIACIÓNS

- **Data:** O xoves 12 de decembro de 20:00 a 22:00 horas.
- **Lugar:** Centro de Emprendemento da Estación de Tren

Impartido por Javier Leis (Asesor da Área de Asesoría Económica ao Terceiro Sector de Algalia)

Inscripcións e información no mail cultura@concellovedra.gal ou no teléfono 981 814 695.

COUSA BOA
Acción asociativa

Curso de iniciación á xestión económica e financeira de asociacións

Data: xoves 12 de decembro de 2024
Hora: de 20:00 h. a 22:00 h.
Lugar: Centro de Emprendemento A Estación

Intervén:
Javier Leis
Asesor da área de asesoría económica ao terceiro sector de Algalia

Dirixido a: integrantes de asociacións, aberto a todas as persoas interesadas na temática.

+ INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓNS: 981814695
cultura@concellovedra.gal

SEPE ESPAZOS DE TRABALLO DEPARTAMENTO DE EMPRENDEMENTO
Deputación da Coruña PEL
Concello de Vedra

CURSO MONITORADO TEMPO LIBRE!!

■ **Curso de Monitorado de Actividades de Tempo Libre** homologado pola Xunta de Galicia.

- Prazo de inscrición: ata o 29 de novembro.
- Datas previstas de desenvolvemento: intensivo en Nadal e Entroido.

O curso constará de:

- 200 horas fase teórico-práctica (150 presenciais e 50 en liña)
- 150 horas fase práctica

Información e inscricións:

- Vedra: 981 814 695 www.concellodevedra.gal
- Boqueixón: 981 513 115 www.boqueixon.gal



Servizos Sociais

ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE EN NOVEMBRO...

■ **Escola de Saúde: "Coidado da vista; saúde visual nas persoas maiores"**.

O Xoves 14 de novembro ás 20:00 h.

■ **Magosto e baile coa actuación musical de Marietta**

O Sábado 16 de novembro ás 19:00 h.

■ **Circuíto Termal nas Termas de Outariz**

O Mércores 20 de novembro.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas).

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 4 de novembro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícaranse por rigorosa orde de inscrición).



O proxecto musical Eutherpe, unha das novidades das Actividades da Terceira Idade neste novo curso

■ **Bingo**

O Xoves 21 de novembro ás 20:00 h.

E un adianto para decembro...

■ **Circuíto Termal nas Termas de Outariz**

O Mércores 11 de decembro.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá trata-

mento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 2 de decembro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícaranse por rigorosa orde de inscrición).

**OLLO!!
ABERTO O SERVIZO DE CAFETERÍA
NO CENTRO SOCIAL
DE LUNS A VENRES DE 17:00 A
21:00 H.**



INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 **NON É IMPRESCINDIBLE**, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).



2. Libre concorrencia: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestimenta.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.

LUDOTECA MUNICIPAL

■ Dende o programa de conciliación Conxuga Espazo Corresponsable, neste mes de novembro continuamos a desenvolver actividades que favorezan na rapazada a construción de aprendizaxes e habilidades sociais.

Neste mes:

- Xogos grupais.
- Magosto, mantendo as tradicións.
- Contos en valores.
- Superchef.
- Dereitos das nenas e nenos.
- Contacontos.
- E moitas actividades máis...



Muller

DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

■ O Concello de Vedra denuncia de forma rotunda a violencia que se exerce sobre as mulleres en todo o mundo e insiste en seguir reivindicando a loita contra a violencia de xénero a través da educación en valores. Estas técnicas teñen como obxectivo fundamental previr e evitar as situacións de malos tratos físicos, que supoñen un perigo para a integridade das persoas que poidan estar en risco de calquera tipo de agresión ou se atopen nunha situación, na que utilizando ditas técnicas, poidan saír airosas deste tipo de situacións tan pouco desexadas por todos e todas.

Desde o Concello seguimos traballando arduamente no empoderamento das mulleres, apoiando proxectos que estimulen a responsabilidade social fronte a esta secuela social e axuntando esforzos para seguir traballando de forma coordinada e conxunta organismos e sociedade civil.

Neste mes de novembro dende o Concello propoñemos esta ampla e diversa programación co obxectivo de significarnos e loitar contra a violencia de xénero. A través deste conxunto de actividades, trataremos de sensibilizar á veciñanza para erradicar a violencia de xénero.

■ **Taller de educación afectiva-sexual para persoas adultas con menores a cargo.** Dirixido ao público adulto, coa intención de afondar nas habilidades parentais, respecto a esta cuestión. O taller será impartido por dous médicos e sexólogos con ampla experiencia na abordaxe da educación afectivo sexual a menores.

■ **CAMPAÑA PUNTO LILA** Di NON á violencia machista e coloca o teu punto lila na túa xanela! Poderalo solicitar no concello, centros educativos, centro de saúde, ludoteca... Trátase de visibilizar que dende o noso concello, as nosas casas, os nosos centros de traballo, empresas, nos significamos en contra da violencia de xénero e logo...envíanos a foto da túa xanela!!

Poderáanse solicitar en calquera destes puntos a partir do 18 de novembro.

■ **ATRAVESEMOS A PORTA VIOLETA PHOTOCALL** instalaremos unha porta violeta a xeito de photocall para que as persoas que queiran atravesala violencia participen dunha porta violeta. Estará instalada na semana do 18 de novembro ao 25 de novembro. Descubre onde está a porta violeta!!



■ **NIN un BIQUIÑO Á FORZA!!!** **CONTACTOS** desenvolverase na Ludoteca o 22 de novembro.

■ **ESPECTÁCULO TEATRAL “GOLPES”**

Pamela é unha moza que vén de sufrir violencia machista.

Pamela expón como foi entrando, nese círculo, e cuestiona como en España todo segue a ser desigual para homes e mulleres.

Pamela recibiu moitos **GOLPES**, pero o máis grande foi verse a si mesma mudada noutra persoa, por iso quere compartir as súas experiencias vitais, para que ningunha outra muller pase por onde foi golpeada.

GOLPES é a vida de Pamela, unha rapaza que nos conta a súa vida, os seus soños, como era romántica, que aprendeu dunha relación que non debeu vivir. Tratando e previndo a desigualdade dende onde nacen as relacións (a adolescencia).

GOLPES é un espectáculo directo, cercano, que xoga co impacto directo da posta en escena, sen trucos dramáticos ou de escenografía. Apoia só no “savoir faire” da actriz, quen incorpora múltiples personaxes diante dos nosos ollos.

Aberta ao público xeral, O **DOMINGO 24 DE NOVIEMBRE** na Nave da Estación ás 19. 00 horas

A programación está dirixida a todo o público, con actividades que teñen como obxectivo sensibilizar á cidadanía en relación coa dimensión e gravidade do problema da violencia exercida cara ás mulleres, así como mellorar a prevención de condutas violentas e promover o desenvolvemento de modelos de comportamento libres de violencia cara as mulleres.

Temos que seguir realizando todo tipo de actuacións que nos leven a protexer e axudar ás mulleres, e aos seus fillos e fillas, que se atopan nesta situación de violencia estrutural visibilizando a súa problemática e perseverando na consecución da igualdade real na nosa sociedade.

TELÉFONOS E SERVIZOS A DISPOSICIÓN DAS MULLERES EN VEDRA:

O teléfono do Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Vedra: 981 814 693

- de luns a venres de 8:00 a 15:00 horas.

O CIM (Centro de Información á Muller):

- atención xurídica os venres de 8:00 a 15:00 h.
- atención psicolóxica os martes de 10:00 a 13:00 h.

Infórmate tamén no teléfono 981 814 693.

OUTROS TELÉFONOS DE INTERESE A DISPOSICIÓN DAS MULLERES:

TELÉFONO 016 - 016 online

O Ministerio de Igualdade, por medio da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, presta o Servizo telefónico de información, de asesoramento xurídico e de atención psicosocial inmediata por persoal especializado a todas as formas de violencia contra as mulleres, a través do número telefónico de marcación abreviada 016; por WhatsApp no número 600 000 016 e por correo electrónico ao servizo 016 online: 016-online@igualdad.gob.es.

O TELÉFONO DA MULLER: 900 400 273

É un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Responde nel un equipo multidisciplinar coordinado con diferentes profesionais de toda Galicia.

En novembro e todo o ano...

Vedra contra as violencias!!!



www.concellodevedra.gal



CIRCUITO GALEGO DE TEATRO AMADOR EN VEDRA COA ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

■ Chega unha nova edición desta cita co teatro amador da man da colaboración de FEGATEA.

Bótalle un ollo ao cartel e anota na túa axenda as catro citas co TEATRO.

CENTRO SOCIAL

(VEDRA)

Entrada 3 euros

FEDERACIÓN GALEGA DE TEATRO AMADOR

03/11/2024 ás 12:30 horas
Andaravía Teatro
Brincacontos
(Público Familiar)

03/11/2024 ás 19:30 horas
Charaviscas Teatro
Unha rosa é unha rosa
(Tódolos Públicos)

10/11/2024 ás 19:30 horas
Teatro Ollomao
Pan con chocolate
(Tódolos Públicos)

17/11/2024 ás 19:30 horas
Teatro Antas de Ulla
Yerma
(Público Adulto)

**Circuito
Galego
de
Teatro
Amador**

PROGRAMACIÓN DA ASOCIACIÓN PARA A TERCEIRA IDADE "O BURGO DE VEDRA" PARA O MES DE NOVEMBRO

■ O 1 DE NOVEMBRO FESTIVIDADE DOS SANTOS. Excursión á Feira de Monterroso.

CADA E MAGOSTO, no local multiusos de Trobe

■ O 3 DE NOVEMBRO CHURRAS-

Consultas e inscricións no teléfono 639 811 666.



Medio Ambiente

VEDRA NA REDE DE CIDADES POLO CLIMA

■ Continúa a andaina vedresa no Consello de Goberno da Rede Española de Cidades polo Clima.

Representada polo concelleiro Jose Caldelas González, Vedra estivo no mes de outubro na reunión constitutiva do Consello de Goberno da dita Rede pertencente á FEMP (Federación Española de Municipios e Provincias).



PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA EN VEDRA

■ SOLICITA O TEU COMPOSTEIRO... No teléfono 981 814 612 ou escribindo ao enderezo electrónico residuoskmcerro@concellodevedra.gal

CONSULTA AS TÚAS DÚBIDAS... no teléfono 623 932 143 en horario de tarde.

O obxectivo da campaña é chegar aos 2000 composteiros.





En Vedra xa comezamos a organizar o Nadal!

...Se pertences a algunha asociación ou coñeces algunha iniciativa para estas datas que poida ser de interese xeral, non dubides en comunicarte con nós para incluír a vosa proposta na axenda de Nadal que publicaremos no número de decembro do boletín e por suposto nas redes sociais.

CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL 2024

■ Que chega de novo a Vedra esta ocasión para visibilizar, festexar e felicitar o Nadal.

Esta vez faino con novidades!!

Ademais das categorías habituais (Dos 0 aos 12 anos),
AUMENTAMOS DÚAS CATEGORÍAS:

- PARA + 12 ANOS
- PARA + 18 ANOS

Bases na web municipal. Infórmate na propia web ou no departamento de cultura.



Tarxeta gañadora do ano 2023
de Robin Sobreira Bucher (CEIP Ortigueira)

MERCADIÑO DE NADAL O DOMINGO 1 DE DECEMBRO NA NAVE DA ESTACIÓN!!

■ Bótalle un ollo ao cartel desta iniciativa que cada ano marca o inicio dos festexos navideños en Vedra!!

NOTA IMPORTANTE!!

Os artesáns e artesás locais ou calquera iniciativa solidaria que estea interesada en participar neste evento, podedes informarnos e realizar a vosa inscrición no 981814691 ou en cultura@concellodevedra.gal.

Anota na túa axenda esta cita para o primeiro domingo de decembro no que podes facer as túas primeiras mercas de Nadal.

Domingo 1 de decembro 2024
Nave da Estación de Tren de Santa Cruz de Ribadulla

MERCADIÑO de artesanía e solidario

Horarios de apertura:
Mañá: de 11:30 a 14:30 h.
Tarde: de 16:00 a 19:30 h.

Aproveita para facer as túas mercas de Nadal!

Produtos:
textil, cosmética, madeira, xabóns, xoguets, decoración, accións solidarias...e moito máis!

Programación:
13:00 h. Concerto da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla do Concello de Vedra
17:00 h. Obradoiros
Obradoiro infantil: "Adornos con material de refugallo para o árbore de Nadal" (Biophilía)
Obradoiro familiar: "Customización de prendas" (Ondas do Mar)

Servizo de cafetería

Máis información en: www.concellodevedra.gal

Logos: Espazos de Traballo, Concello de Vedra, Xunta de Galicia, Concello de Vedra

DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS